

**IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS****SERVIZO GALEGO DE SAÚDE**

*RESOLUCIÓN do 8 de xaneiro de 2018, da Dirección Xeral de Recursos Humanos, pola que se publica a relación definitiva de admitidos/as e excluídos/as e a resolución provisional do concurso de traslados para a provisión de diversas prazas básicas de persoal estatutario licenciado sanitario, convocado pola Resolución do 23 de maio de 2017.*

Mediante Resolución desta dirección xeral do 23 de maio de 2017 (*Diario Oficial de Galicia* núm. 105, do 5 de xuño) convocouse concurso de traslados para a provisión de diversas prazas básicas de persoal licenciado sanitario do Servizo Galego de Saúde.

Por Resolución do 18 de setembro de 2017 (*Diario Oficial de Galicia* núm. 185, do 28 de setembro) publicouse a relación provisional de admitidos/as e excluídos/as no dito proceso.

De conformidade co previsto na base décimo primeira da Resolución de convocatoria do proceso, do 23 de maio de 2017 (*Diario Oficial de Galicia* núm. 105, do 5 de xuño), logo de finalizada a análise das reclamacións presentadas contra a listaxe de admitidos/excluídos e finalizada a validación e baremación dos méritos alegados e acreditados polos/as concursantes, esta dirección xeral, como órgano convocante do proceso,

**RESOLVE:**

Primeiro. Aprobar a relación definitiva de admitidos/as e excluídos/as no concurso de traslados para a provisión de diversas prazas básicas de persoal estatutario licenciado sanitario, convocado pola Resolución do 23 de maio de 2017.

Segundo. Declarar resolto provisionalmente o antedito concurso de traslados, coa publicación das puntuacións e destinos provisionalmente asignados.

Terceiro. As listas coa relación definitiva de admitidos/as e excluídos/as por categoría, as puntuacións provisionais desagregadas por epígrafe do baremo e os destinos provisionais, se é o caso, asignados, están publicadas, á disposición das persoas interesadas, na páxina web do Servizo Galego de Saúde ([www.sergas.es](http://www.sergas.es)).

Ademais, o estado de cada solicitude pode ser consultado polo/a concursante no seu expediente electrónico persoal en Fides/expedient-e/sección de procesos.



Cuarto. Contra as listas definitivas de admitidos/as e excluídos/as, as persoas interesadas poderán interpor recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación da presente resolución, ante o xulgado do contencioso-administrativo competente, de conformidade co establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Potestativamente, e con carácter previo, poderán interpor recurso de reposición ante a Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao desta publicación.

Quinto. De conformidade coa base 11.4 da Resolución do 23 de maio de 2017, os/as concursantes admitidos/as disporán dun prazo de quince (15) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, para formular reclamación contra os resultados da baremación e adxudicación provisionais.

Tales reclamacións serán rexeitadas ou admitidas na resolución definitiva, que aprobará a autoridade convocante e que se publicará no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 8 de xaneiro de 2018

Margarita Prado Vaamonde  
Directora xeral de Recursos Humanos

